



Concello de

BASES QUE REGULAN A INSCRICIÓN NO CAMPAMENTO DE VERÁN “COÑECE O TEU CONCELLO”

1. Obxecto

O Concello de Sober organiza o Campamento de Verán “Coñece o teu Concello” coa finalidade de ofrecer unha alternativa de lecer educativo durante o período estival, favorecendo a conciliación da vida familiar e laboral, promovendo hábitos saudables, a convivencia e a socialización entre os/as participantes, así como o coñecemento do patrimonio natural, cultural e turístico do municipio.

2. Destinatarios

O campamento está dirixido a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 4 e os 12 anos, ambos incluídos.

Os/as participantes deberán cumprir a idade mínima no momento de inicio da actividade.

3. Descrición do campamento

3.1 Datas

O campamento desenvolverase do 29 de xuño ao 7 de agosto, distribuído nas seguintes quendas semanais:

- 1ª semana: do 29 de xuño ao 3 de xullo
- 2ª semana: do 6 ao 10 de xullo
- 3ª semana: do 13 ao 17 de xullo
- 4ª semana: do 20 ao 24 de xullo
- 5ª semana: do 27 ao 31 de xullo
- 6ª semana: do 3 ao 7 de agosto

Non haberá actividade os días festivos.

3.2 Lugar

As actividades desenvolveranse principalmente no pavillón do CEIP Virxe do Carme, no Centro Sociocultural de Sober e nas instalacións das Piscinas Municipais, podendo realizarse tamén saídas e actividades ao aire libre dentro do termo municipal.

O Concello resérvase a posibilidade de modificar os espazos por motivos organizativos, meteorolóxicos ou de seguridade.

Concello de Sober

Plaza del Concello, s/n, Sober. 27460 (Lugo). Tfno. 982460001. Fax: 982460002





Concello de

3.3 Horario

O horario ordinario do campamento será de 10:00h a 14:00h.

Ofertarase servizo de madrugadores de 9:00h a 10:00h para aquelas familias que o precisen.

As familias deberán respectar os horarios de entrada e saída establecidos.

3.4 Actividades

O programa incluírá actividades adaptadas ás diferentes idades:

- Xogos cooperativos e deportivos
- Obradoiros creativos e educativos
- Actividades medioambientais
- Rutas e visitas de coñecemento do municipio
- Actividades acuáticas e de lecer
- Dinámicas de convivencia e educación en valores

3.5 Prazas

Ofértanse un total de 50 prazas por semana.

As prazas asignaranse por orde de inscrición, tendo prioridade os/as menores empadroados/as no Concello de Sober.

No caso de existir máis solicitudes que prazas dispoñibles, elaborárase unha lista de espera seguindo a orde de entrada das solicitudes no rexistro municipal.

4. Inscrición

A inscrición poderá realizarse:

- Presencialmente: No Rexistro do Concello de Sober, en horario de 10:00h a 14:00h.
- Telematicamente: A través da sede electrónica do Concello de Sober ou mediante o rexistro electrónico de calquera administración adherida á plataforma SIR.

O modelo de solicitude estará dispoñible na sede electrónica e nas oficinas municipais.

O prazo de inscrición será do 1 ao 10 de xuño, ambos incluídos.

Na solicitude deberán indicarse as semanas solicitadas por orde de preferencia.





Concello de

5. Documentación necesaria

Xunto coa solicitude (Anexo) deberá achegarse:

- Fotocopia do DNI/NIE do pai, nai ou titor/a legal
- Tarxeta sanitaria do/a menor

6. Normas de funcionamento

Os/as participantes deberán:

- Respectar ao persoal monitor e ao resto de compañeiros/as
- Coidar as instalacións e o material empregado
- Participar nas actividades programadas
- Manter unha actitude de respecto e convivencia

O Concello poderá adoptar as medidas oportunas ante comportamentos inadecuados, podendo chegar á expulsión da actividade en casos graves ou reiterados.

7. Protección de datos

Os datos persoais facilitados serán tratados conforme á normativa vixente en materia de protección de datos, empregándose exclusivamente para a xestión do campamento.

8. Aceptación das bases

A presentación da solicitude implica a aceptación íntegra destas bases.

O Concello de Sober resérvase a facultade de interpretar e resolver aquelas cuestións non previstas nas presentes bases.





Concello de

ANEXO

FICHA DE INSCRICIÓN:

CAMPAMENTO DE VERÁN “COÑECE O TEU CONCELLO”

1. DATOS DO/A PARTICIPANTE

Nome e apelidos: _____

Data de nacemento: ___ / ___ / ____

Idade: _____

DNI/NIE (se procede): _____

Enderezo: _____

Empadroad/a no Concello de Sober:

SI NON

2. DATOS DO PAI, NAI OU TITOR/A LEGAL

Nome e apelidos: _____

DNI/NIE: _____

Teléfono 1: _____ Teléfono 2: _____

Correo electrónico: _____

3. SEMANAS SOLICITADAS

Marcar as semanas nas que desexa participar:

- 1ª semana: do 29 de xuño ao 3 de xullo
 - 2ª semana: do 6 ao 10 de xullo
 - 3ª semana: do 13 ao 17 de xullo
 - 4ª semana: do 20 ao 24 de xullo
 - 5ª semana: do 27 ao 31 de xullo
 - 6ª semana: do 3 ao 7 de agosto
-
-

Concello de Sober

Plaza del Concello, s/n, Sober. 27460 (Lugo). Tfno. 982460001. Fax: 982460002





Concello de

4. SERVIZO DE MADRUGADORES

SI NON

En caso afirmativo, indique horario aproximado de chegada: _____

5. INFORMACIÓN SANITARIA

Alerxias: _____

Intolerancias alimentarias: _____

Outras observacións de interese: _____

6. PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA

Nome e apelidos	Relación co/a menor	Teléfono

8. AUTORIZACIÓNS

AUTORIZACIÓN DE PARTICIPACIÓN

D./D^a _____, como pai/nai/titor/a legal do/a menor anteriormente indicado/a,

AUTORIZO a súa participación no Campamento de Verán "Coñece o teu Concello" organizado polo Concello de Sober.

SI

AUTORIZACIÓN PARA SAÍDAS E ACTIVIDADES EXTERIORES

AUTORIZO
 NON AUTORIZO

a participación do/a menor nas saídas e actividades organizadas fóra das instalacións habituais do campamento.

Concello de Sober

Plaza del Concello, s/n, Sober. 27460 (Lugo). Tfno. 982460001. Fax: 982460002





Concello de

AUTORIZACIÓN DE USO DE IMAXES

- AUTORIZO
 NON AUTORIZO

ao Concello de Sober a realizar e publicar fotografías ou vídeos do/a menor durante as actividades do campamento con fins informativos e divulgativos relacionados coa actividade municipal.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais facilitados serán tratados polo Concello de Sober coa finalidade de xestionar a participación no Campamento de Verán, conforme á normativa vixente en materia de protección de datos.

En Sober, a ____ de _____ de 2026

Sinatura do pai/nai ou titor/a

Concello de Sober

Plaza del Concello, s/n, Sober. 27460 (Lugo). Tfno. 982460001. Fax: 982460002

